

Tarifa de comisións, condicións e gastos repercutibles a clientes

En vigor desde 23.12.2019

EPÍGRAFE 08 PREVAIS, AVAIS, CRÉDITOS INTERIORES E OUTRAS GARANTÍAS

ESPECIFICACIÓN	GASTOS DE ESTUDO (Nota 15)		POR FORMALIZACIÓN (En cada aval)		DISPOÑIBILIDADE	POR RISCO (Trimestral ou fracción)	
	%0	MÍNIMO	%0	MÍNIMO	%0 TRIMESTRAL	%0 SOBRE IMPORTE AVAL	MÍNIMO
		Euros		Euros			Euros
1. PREVAIS	10,00	150,25	10,00	150,25	---	20,00	60,00
2. AVAIS técnicos	10,00	150,25	10,00	150,25	5,00 (Nota 6)	20,00	60,00
3. AVAIS FINANCEIROS							
3.1. Ata 1 ano	10,00	150,25	10,00	150,25	5,00 (Nota 6)	20,00	60,00
3.2. A máis de 1 ano	10,00	150,25	10,00	150,25	5,00 (Nota 6)	20,00	60,00
CRÉDITOS SIMPLES, DOCUMENTARIOS E ACEPTACIÓNS (Créditos interiores)	GASTOS DE ESTUDO (Unha única vez)		POR OPERACIÓN (Nota 8) (Unha única vez)		GASTOS DE ESTUDO (Unha única vez)		
	%0	MÍNIMO	%0	MÍNIMO	%0	MÍNIMO	
		Euros		Euros		Euros	Euros
Contra simple recibo e documentación	4. EMITIDOS (Nota 7)						
	4.1. Irrevogable	5,00	150,25	7,5	21,04	2,00	18,03
	4.2. Aceptacións	---		---		6,00	18,03
	4.3. Pago diferido (Véxase a nota 14)	---		---		5,00	18,03
4.4 Por cada modificación 25,00 euros (véxase a nota 10)							

CRÉDITOS SIMPLES, DOCUMENTARIOS E ACEPTACIONES (Créditos interiores)	COMISIÓN POR OPERACIÓN			
	%0	MÍNIMO	ÚNICA	APLICACIÓN
		Euros	Euros	
5. RECIBIDOS (Nota 9)				
5.1. Por notificación/aviso	5,00	40,00	----	Dunha soa vez
5.2. Tramitación por operación en créditos sen confirmar e confirmados	12,00	45,00	----	Dunha soa vez
5.3. Por risco en créditos confirmados.	3,00	40,00	----	Trimestral rateable por meses
5.4. Por adiamento ou pagamento diferido.	5,00	15,03	----	Trimestral sobre importe adiado
5.5. Outras percepcións:				
5.5.1. Por transferencia.	3,00	18,03	----	Dunha soa vez
5.5.2. Por cancelación (Véxase a nota 12)	----	----	25,00	Por expediente cancelado
5.5.3. Por modificación (Véxase a nota 10)	----	----	25,00	Por cada modificación

- NOTA 1** Considerarase comprendida nesta EPÍGRAFE toda garantía prestada ante a Facenda Pública e a prestación de toda clase de caucións, garantías e fianzas para asegurar o bo fin de obrigas ou compromisos contraídos polo cliente ante un terceiro.
- NOTA 2** Considéranse preavais aqueles negocios xurídicos polos que o banco contrae o compromiso de outorgar o aval definitivo á persoa ou entidade que o solicite e a favor do beneficiario da garantía, sempre que se cumpran as condicións establecidas nese compromiso, que non dependerán da vontade do banco.
- NOTA 3** Considéranse avais de carácter técnico os que non supoñen obriga directa de pagamento para o banco avalista, pero responden do incumprimento dos compromisos, non económicos, que o avalado ten contraídos.
- NOTA 4** Os avais financeiros poden ser de carácter comercial ou non comercial. Os primeiros refírense a operacións de natureza comercial e responden do pagamento adiado en compravenda de calquera clase de bens, fraccionamentos de pagamentos, sumas entregadas anticipadamente, etc. Os segundos responden de créditos ou préstamos obtidos polo cliente avalado doutras entidades, ante as que o banco avalista queda obrigado directamente a reembolsalos; xeralmente consisten en aval de letras financeiras ou en pólizas de crédito ou préstamo
- NOTA 5** A comisión por risco percibirase por anticipado. Nos avais con garantía de prestación sen vencemento determinado, a devindicación da comisión terminará coa devolución do documento en que estea consignado o aval ou garantía e, en todo caso, coa anulación desta en forma fidedigna e a satisfacción do banco avalista ou, se for o caso, cando caduque ou prescriba o dereito de reclamación do acredor afianzado. No resto de avais, con vencemento determinado, a devindicación da comisión terminará co vencemento do aval ou garantía ou se previamente se produciu a súa anulación en forma fidedigna e a enteira satisfacción do banco avalista ou, se for o caso, cando caduque ou prescriba o dereito de reclamación do acredor afianzado. As comisións derivadas de avais calcularanse sobre a contía da obriga principal vixente no momento da percepción, máis a de subsidiarias e complementarias que poidan derivar do incumprimento daquela.
- NOTA 6** Nos casos de existencia de límite de avais, cobrarase unha comisión de dispoñibilidade polo risco medio non utilizado. Esta comisión será aplicable naquelas operacións en que a súa utilización sexa facultativa do cliente.

- NOTA 7** Enténdese por “emitidos” todos os créditos simples e documentarios e aceptacións, nos que o noso banco actúa como emisor ou aceptante, segundo as instrucións do cliente ordenante.
- NOTA 8** As comisións por operación cobranse ao cursar a orde de apertura do crédito e/ou a de risco por trimestres anticipados.
- NOTA 9** Enténdese por “recibidos” todos os créditos simples e documentarios e aceptacións emitidos por bancos domiciliados en España, nos que o noso banco actúa como avisador, pagador, negociador ou aceptante, con ou sen a nosa confirmación.
- NOTA 10** A comisión de modificación aplicarase con independencia do cobramento das comisións suplementarias a que puidese dar lugar o incremento do importe ou a extensión do prazo da operación.
- NOTA 11** Percibiranse en concepto de gastos de correo os de franqueo xerados por cada envío e repercutiranse ao cliente as comisións do correspondente, se as houber.
- NOTA 12** No caso de que o crédito expire sen ser utilizado, percibirase unha comisión por cancelación de 15,03 euros, ademais das comisións que procedan.
- NOTA 13** En concepto de gastos de reclamación, cando se fixese efectiva a contía ou cando proceda en función da operación, percibirase unha comisión fixa de 30,00 euros, por unha soa vez e por cada rúbrica (nova posición debedora vencida) e sempre que a reclamación se producise efectivamente.
- NOTA 14** A comisión de pagamento diferido calcularase sobre o período de adiamento de pagamento.
- NOTA 15** Non se percibirá comisión de estudo nos avais, cando existisen preavais polas mesmas operacións aos que xa se lles cobrase comisión.